

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A MOSTRA GALICIA 2009, TEMPO DE BD ABRE O FESTIVAL DE BANDA DESEÑADA DE BRUXELAS**

- ***A exposición está composta por unha selección 70 de láminas de ilustradores de cómic contemporáneos.***
- ***O obxectivo é dar a coñecer entre o público e aos editores belgas a produción dos debuxantes galegos, especialmente daqueles que teñen publicado no mercado francófono.***
- ***A Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura da Consellería de Cultura e Turismo e a Fundación Galicia Europa, organizadoras da iniciativa.***

**Bruxelas, 1 de outubro de 2009.** Coincidindo coa presentación oficial do VIII Festival de Banda Deseñada da Rexión de Bruxelas, inaugúrase hoxe na capital belga a mostra *Galicia 2009, Tempo de BD*, unha retrospectiva dos grandes traballos da banda deseñada galega dos últimos anos. Ao acto, asistiron autoridades belgas e medios de comunicación especializados, así como representantes da Dirección Xeral de Promoción e Difusión Cultura da Cultura da Consellería de Cultura e Turismo, promotora da exposición, e a Fundación Galicia Europa, entidade que tivo a iniciativa de trasladar a mostra a Bruxelas.

O obxectivo desta iniciativa é facer promoción entre o público e os editores belgas da obra dos ilustradores galegos, especialmente daqueles que teñen publicado en francés. Durante a presentación, realizouse un pequeno percorrido pola historia da banda deseñada galega, salientando especialmente o recoñecemento acadado na última década, cando Galicia se converteu nun dos principais focos do cómic a nivel español.

Composta por láminas de 70 ilustradores, *Galicia 2009, Tempo de BD* é, xunto á dedicada ao debuxante Raoul Cauvin, unha das dúas exposicións temáticas que se exhibirán entre o 9 e o 11 de outubro durante o festival de Bruxelas, un dos máis importantes do poderoso mercado francófono e que nesta edición coincide coa celebración en Bélxica do Ano da Banda Deseñada.

Ademais dos milleiros de visitantes, autores e editores que cada ano enchen as salas do festival, a mostra abrirase a visitas guiadas para escolares, estudantes das escolas de cómic e público en xeral na Maison Pelgrims de Bruxelas, onde permanecerá ata o día 8 de outubro. Posteriormente, trasladarase ao recinto do festival onde se poderá contemplar xunto aos stands dos 70 ilustradores internacionais seleccionados pola organización.

A programación especial *Galicia 2009, tempo de BD*, que xa foi presentada no festivais de Barcelona e Angoulême (Francia), foi deseñada de forma consensuada por representantes da Consellería de Cultura, da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, do Consello da Cultura Galega, da Asociación BD Banda, das Bibliotecas Municipais da Coruña, Viñetas desde o Atlántico, do Salón do Cómic de Cangas, das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense e da Federación de Libreiros de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### Dez anos de éxitos

A banda deseñada en Galicia recibiu nos últimos anos o que sen dúbida foi o maior impulso e desenvolvemento de toda a súa historia. Neste tempo, confirmouse algo que anteriormente xa se podía entrever: a existencia de moito talento por parte dos autores e autoras emerxentes galegos.

Cada vez son máis os creadores que saen fóra das fronteiras galegas, non só cara o resto de España, senón a mercados consolidados como Estados Unidos ou Francia. Ao tempo, empezan a destacar apostas profesionais de edición que buscan a viabilidade dun mercado en claras vías de expansión.

### O país da BD

Bélxica autodenomínase a patria da Novena Arte, o Cómic, xa que foi o berce de autores que crearon personaxes tan coñecidos como Tintín, Spirou, Lucky Luke, Gaston Lagaffe ou os Pitufos. Con catro grandes editoriais e innumerables ilustradores e guionistas de renome internacional, acolle tamén un museo da banda deseñada que alberga a “bedeteca” máis grande do mundo.

SAÚDOS,  
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO  
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

